



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### *Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Extracto de la resolución 2024/1176, de 12 de enero, de la Presidencia de la Diputación de A Coruña, por la que se aprueba la convocatoria del "Programa de subvenciones a a empresas audiovisuales para apoyar la distribución, comercialización y exhibición audiovisual en lengua gallega en la provincia de A Coruña durante el año 2024 (FO301/2024)

##### **BDNS (Identif.): 739253**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/739253>)

##### **Primero. Beneficiarios.**

Podrán acceder a esta línea de ayudas las personas físicas o jurídicas, constituidas cómo productoras o distribuidoras audiovisuales independientes, establecidas en un estado miembro de la Unión Europea, que acrediten que realizan las actividades objeto de este programa.

Por empresa productora se entenderán las personas físicas o jurídicas que estén legalmente constituidas. La empresa productora debe poseer la titularidad de, como mínimo, el 20% de la propiedad del negativo y de los derechos de explotación de la obra audiovisual.

Por empresa distribuidora se entenderá la persona física o jurídica inscrita en el registro del ICAA como empresa distribuidora y titular de los derechos de exhibición theatrical y no theatrical.

##### **Segundo. Objeto.**

Se contemplan dos modalidades en el objeto de este programa.

a. El apoyo a los contenidos audiovisuales gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc. hechas en Galicia) para su distribución y exhibición en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje al gallego). b. El apoyo a la distribución en lengua gallega (VO, VOSG o doblaje al gallego) de contenidos audiovisuales no gallegos (largometrajes, cortometrajes, documentales, etc. hechas fuera de Galicia).

##### **Tercero. Bases reguladoras.**

Ordenanza general de subvenciones y transferencias de la Diputación Provincial de A Coruña

##### **Cuarto. Cuantía.**

El importe de la consignación asciende a un total de 150.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3343/479 del Presupuesto común para 2024. La ayuda de la Diputación tendrá un importe máximo de 30.000 € por proyecto y no podrá superar el 75% del presupuesto subvencionable.

Cada empresa podrá presentar varias solicitudes. En todo caso el importe total de las subvenciones concedidas no podrá superar los 45.000 €

##### **Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.**

Desde el día 22/01/2024 as 08:00 horas hasta el día 22/02/2024 a las 14:00 horas

##### **Sexto. Otros datos.**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A Coruña

12/1/2024

Xosé Regueira Varela, Presidente en funciones de la Diputación Provincial de A Coruña

Extracto da resolución 2024/1176, de 12 de xaneiro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2024 (F0301/2024)

**BDNS (Identif.): 739253**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/739253>)

**Primeiro. Beneficiarios.**

Poderán acceder a esta liña de axudas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras ou distribuidoras audiovisuais independentes, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa.

Por empresa produtora entenderanse as persoas físicas ou xurídicas que estean legalmente constituídas. A empresa produtora debe posuír a titularidade de, como mínimo, o 20% da propiedade do negativo e dos dereitos de explotación da obra audiovisual.

Por empresa distribuidora entenderase a persoa física ou xurídica inscrita no rexistro do ICAA como empresa distribuidora e titular dos dereitos de exhibición theatrical e non theatrical.

**Segundo. Obxecto.**

Contémpanse dúas modalidades no obxecto deste programa.

a. O apoio aos contidos audiovisuais galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas en Galicia) para a súa distribución e exhibición en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego). b. O apoio á distribución en lingua galega (VO, VOSG ou dobraxe ao galego) de contidos audiovisuais non galegos (longametraxes, curtametraxes, documentais, etc. feitas fóra de Galicia).

**Terceiro. Bases reguladoras.**

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña

**Cuarto. Cuantía.**

O importe da consignación ascende a un total de 150.000,00 €, con cargo á partida 0612/3343/479 do Orzamento ordinario para 2024. A axuda da Deputación terá un importe máximo de 30.000 € por proxecto e non poderá superar o 75% do orzamento subvencionable.

Cada empresa poderá presentar varias solicitudes. En todo caso o importe total das subvencións concedidas non poderá superar os 45.000 €

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.**

Desde o día 22/01/2024 as 08:00 horas ata o día 22/02/2024 as 14:00 horas

**Sexto. Outros datos.**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A Coruña

12/1/2024

Xosé Regueira Varela, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

2024/268